

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE ENTIDADES SOCIAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROXECTOS DE CARÁCTER SOCIAL PARA O ANO 2026

Para os efectos oportunos publícase o acordo adoptado na Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, en sesión ordinaria do 17 de marzo de 2025, pola que se aproban as **bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións de entidades sociais sen ánimo de lucro para proxectos de carácter social para o ano 2026**, co seguinte texto:

Primeira. Obxecto da subvención

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a asociacións e fundacións sen ánimo de lucro para financiar a realización de proxectos cuxa finalidade sexa mellorar a saúde, calidade de vida, atención social e sanitaria, colaborar na prevención e anticipación a situacións de vulnerabilidade e desigualdades sociais, a través do desenvolvemento de actuacións de información, orientación, apoio ou rehabilitación de persoas con situacións de vulnerabilidade, discriminación ou desigualdade social na provincia de Ourense para o ano 2026.

Segunda. Beneficiarias

Poderán obter subvención como beneficiarias as entidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro legalmente constituídas para proxectos que se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense.

As entidades beneficiarias esixiráselles que teña o seu domicilio social, centro de actividades autorizado na provincia de Ourense e/ou centro de atención continua ao público con horario de apertura coñecido e accesible para atención presencial. Para iso teranse en conta os datos que consten no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta, ou, no seu caso, un centro de atención diúrno/residencial na provincia de Ourense, así como datos de constancia de existencia dun centro de atención continua ao público con horario coñecido e atención presencial.

Os proxectos deberán dirixirse a algunha das seguintes liñas:

LIÑA A) Mantemento de prazas residenciais destinadas a persoas con adicións, e/ou persoas e/ou familias con riscos de exclusión social severa, así como proxectos de cobertura de necesidades básica de primeiro nivel e/ou emerxencia social con axudas directas a persoas beneficiarias. Os proxectos deberán ter carácter estrutural ou de intervención continuada, incluíndo aloxamento, acompañamento social, atención psicosocial e/ou itinerarios de inclusión.

LIÑA B) Sostemento económico para o desenvolvemento de entidades con proxectos, actividades e/ou iniciativas dirixidos a:

a) Colectivos afectados por “enfermidades crónicas” (terán a consideración de enfermidade crónica aquela de longa duración (máis de 6 meses) cuxa curación non pode preverse ou non ocorrerá.)



b) Colectivos, persoas e/ou familias afectados por alta vulnerabilidade social (entendéndose por “alta vulnerabilidade social”, aquela situación que afecta a perfís, e/ou colectivos de persoas, grupos ou familiar que viron deteriorada a súa condición de vida social ou persoal e onde as redes de apoio social son débiles).

LIÑA C) Actividades puntuais de sensibilización, encontro ou visibilidade.

Subvencionar actividades puntuais promovidas por entidades sen ánimo de lucro que estean directamente vinculadas co seu obxecto estatutario e que teñan por finalidade:

- A sensibilización social.
- A educación ou divulgación.
- A visibilidade da realidade de colectivos vulnerables e/ou estigmatizados.
- O fomento da inclusión, cohesión, avance e tolerancia social.

No caso de entidades cuxa actividade estea relacionada con patoloxías que requiran restricións alimentarias específicas, poderán subvencionarse encontros ou actividades que incorporen elementos demostrativos ou educativos relacionados coas devanditas necesidades, sempre que:

1. A actividade teña carácter formativo, divulgativo ou de sensibilización.
2. Exista un contido técnico ou educativo acreditable.
3. A actividade non teña carácter meramente lúdico, recreativo ou gastronómico.
4. A restauración ou subministración alimentario sexa accesorio e xustificado en relación directa co obxecto do evento.

Exclúense as actividades de formación continuada, os congresos ou outras actividades similares, así como as publicacións que teña como obxectivo promocionar á entidade en si mesma.

No caso dos proxectos presentados á Liña C, non serán subvencionables actividades de carácter meramente lúdico, gastronómico, recreativo ou protocolario que non estean directamente vinculadas á finalidade social e ao obxecto estatutario da entidade nin incorporen contido formativo, terapéutico ou de sensibilización acreditado

En todo caso, todas as entidades presentadoras de solicitudes terán que cumprir os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro
- Ter o domicilio na provincia de Ourense, o que deberá constar nos estatutos da entidade, centro de actividade na provincia de Ourense acreditado, accesible e con horario e atención regulado e público e/ou solucións habitacionais/residenciais na provincia de Ourense.
- Estar legalmente constituídas e rexistradas no rexistro correspondente, en razón da súa forma xurídica e ámbito de actividade.
- Que estas entidades de iniciativa social estean inscritas con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.



- Ter entre os seus obxectivos a realización de actividades, iniciativas e/ou proxectos coherentes co presentado para o acceso a esta subvención.
- Contar cunha estrutura organizativa e técnica adecuada que garanta o cumprimento dos obxectivos que se pretende desenvolver.
- Ter funcionamento democrático.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria esixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade social.
- No suposto de recibir con anterioridade subvención desta Deputación, non deben existir incumprimentos dos deberes derivados da súa concesión.
- O persoal da entidade (incluído o voluntario) que realice actividades que impliquen contacto habitual con menores non poderá ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, así como por trata de seres humanos.

Terceira. Disponibilidades orzamentarias:

As subvencións obxecto da presente convocatoria intégranse na liña de acción de concurso de subvencións para entidades sen ánimo de lucro que presten servizos sociais, contemplada no apartado D.5 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do 8 de maio de 2024 (BOP nº 89)

Para as subvencións concedidas nesta convocatoria resérvase crédito na aplicación 23111 48000 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026 por importe de 600.000 € (seiscentos mil euros).

Cuarta. Contía:

Os proxectos presentados poderán optar a unha subvención máxima de:

- LIÑA A: Ata 40. 000 €
- LIÑA B: Ata 30.000 €
- LIÑA C: Ata 20.000 €

As entidades poderán presentar un único proxecto a esta convocatoria e unicamente a unha das liñas previstas na convocatoria.

A presentación de máis dunha solicitude/proxecto pola mesma entidade ou a presentación a máis dunha liña, dará lugar a un requirimento de corrección para que no prazo de 10 días hábiles, a entidade opte expresamente por unha única solicitude, entendéndose que desiste das restantes. De non atenderse o requirimento, terase por “desistida” a solicitude.

Aquelas entidades que sexan beneficiarias dunha subvención nominativa e/ou directa recoñecida pola Deputación de Ourense para o ano 2026 poderán optar a esta liña de axudas sempre que a nominativa/directa aprobada sexa igual ou inferior a 40.000,00 €, neste caso a subvención máxima que poderá recoñecérselle será do 25% do importe desta nominativa/directa e nunca maior a 7.500,00 € para garantir a equidade distributiva e evitar concentración de recursos públicos.



A determinación da contía de cada subvención será establecida pola Xunta de Goberno despois da proposta previa da comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base décima.

O importe máximo da subvención para cada proxecto poderá chegar ao 100% do importe solicitado, sen que poida superar esta porcentaxe.

Quinta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

1. As solicitudes deberanse presentar de maneira telemática, a través do rexistro xeral da Deputación de Ourense asinada electronicamente pola persoa que ostente a súa representación. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao amparo do establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que está accesible desde a páxina web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.gal>

2. O prazo improrrogable de presentación será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte da publicación na BDNS e destas e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Para estes efectos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. As solicitudes deberán formularse en formato electrónico, anexando por unha banda a seguinte:

a) documentación administrativa:

- Formulario de solicitude. Este formulario contén os datos da entidade, da persoa representante, unha declaración do poder co que este actúa, ademais da declaración do conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins.

- CIF da entidade solicitante, sempre que non se autorice á Deputación para consultalo automaticamente.

- Copia da folla dos estatutos sociais da entidade onde conste o seu obxecto social.

- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a segundo o formulario que consta engadido.

Se tales documentos foron presentados pola entidade solicitante ante calquera administración e seguen tendo vixencia, deberá indicar en que momento e ante que administración os presentou para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non fose posible a comprobación dalgún dos requisitos da entidade solicitante/representación da mesma, a Deputación poderá solicitar que se anexe a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.



Todas as entregas de documentación deberán ser rexistradas por quen ostente a representación da entidade solicitante, a través dos medios electrónicos validamente recoñecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) documentación a valorar:

- Memoria explicativa do proxecto obxecto de solicitude da subvención, segundo modelo facilitado pola deputación, que deberá ser cuberto pola entidade solicitante e que será o obxecto de valoración comparativa.

Sexta. Réxime de protección dos datos presentados coa solicitude:

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais presentados polas entidades solicitantes fundamentase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixido nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa para facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase os interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal

b) Os datos de contacto do delegado de protección de datos son, na rúa do Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: Dpo@depourense.gal

c) Os datos fornecidos coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo prevese na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica.

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir deste prazo, ser suprimida de maneira motivada a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable



do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo sempre e cando os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos entregados coa solicitude é a necesidade destes datos para o cumprimento dos deberes legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade destes datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos fornecidos á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Defensor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao amparo de o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na devandita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos fornecidos conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento, ben á Presidencia da Deputación, como Responsable, ou directamente ao Delegado de Protección de Datos, o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos estes datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido ao Responsable, Presidencia da Deputación Provincial, postalmente na rúa do Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, e mediante correo electrónico ao: gabinete.presidencia@depourense.gal, de igual modo, directamente ante o Delegado de Protección de Datos, na mesma dirección postal e no correo electrónico: Dpo@depourense.gal.



De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos fornecidos á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos fornecidos, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula

Sétima. Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recoleitos no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, formen parte do desenvolvemento dos proxectos obxecto desta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que foron ocasionados con motivo da realización do proxecto/actividade aprobado e garden estreita relación co seu contido.

- Que exista constancia documental da súa realización ou da existencia de recursos residencial-aloxamento obxecto da subvención. No caso de presentar facturas simplificadas para esta acreditación deberán conter, obrigatoriamente, o CIF destinatario deberá ser coincidente co CIF beneficiario da subvención.

- Que se realicen dentro do prazo de execución do proxecto. Para efectos de xustificación do gasto o prazo de execución será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de decembro de 2026.

- Que exista coherencia entre a porcentaxe de imputación e o proxecto subvencionado.

Quedan expresamente excluídos dos gastos subvencionables:

- Tíckets, gastos de reposición de combustible, gastos de aparcadoiros e peaxes de autoestradas, sen prexuízo de que tales gastos si se consideren subvencionables cando se incorporan como indemnizacións por razón de servizo e xustifícanse legalmente como tales.

- Igualmente quedan excluídos os gastos e/ou proxectos de campañas de publicidade, información e difusión sobre a entidade ou os seus obxectivos, xenerais ou concretos ou aquelas actuacións que poden ser prestados desde servizos normalizados dispoñibles e accesibles.

Poderán ser subvencionables os gastos correntes das asociacións/fundacións beneficiarias. Entenderanse gastos correntes os referidos ao alugueiro de local, subministracións de enerxía eléctrica, comunicacións telefónicas, correo, material consumible de oficina etc. Para dar conta destes gastos na documentación acreditativa ten que constar a nome do beneficiario/a de a subvención, e dirixida ao domicilio social da entidade subvencionada. Non se admitirán gastos dirixidos a unha sede social diferentes á propia do/s domicilio/s social ou aquela documentación onde non conste o CIF da beneficiaria/s.



Oitava. Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a área de Benestar procederá á instrución do expediente de comprobación da corrección da documentación administrativa presentada.

Examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para emendar deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso concederáse prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez transcorrido este prazo, se é o caso, o expediente pasará á Comisión de Valoración que procederá a formular a proposta de resolución provisional conforme coas regras seguintes:

- Con respecto a as entidades que non presenten de modo completo e no prazo establecido a documentación, así como as entidades que non cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, formularase proposta de inadmisión a trámite das súas solicitudes.

- Con respecto ao resto de entidades, propoñeráse a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recolleitos na base novena.

A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles.

Durante o devandito prazo, as entidades interesadas poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte a proposta provisional. Estas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto nestas bases.

Novena. Comisión de valoración:

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou a/o deputada/o en quen delegue.

- Vogais:

- * O secretario xeral da Deputación ou a/o funcionaria/o que legalmente o substitúa.

- * A interventora xeral da Deputación ou a/o funcionaria/o que legalmente a substitúa

- * O director da Área de Benestar e un/unha técnico/a por designación da Presidencia que actuará como secretario/a da comisión coas funcións propias dun/unha secretario/a de actas.

Décima. Criterios de valoración para outorgar as subvencións:

Os proxectos ou actividades valoraranse sobre un máximo de 100 puntos, só serán subvencionables as actividades ou proxectos que consigan un mínimo de 45 puntos distribuídos conforme aos seguintes criterios e puntuación:

A). Criterios Xerais de Valoración. Aplicables a todas as liñas (ata 30 puntos).

- * Calidade técnica do proxecto

- Obxectivos específicos, medibles e realistas

- Metodoloxía e cronograma



- Indicadores de avaliación
- * Experiencia e solvencia da entidade
- Traxectoria acreditada no ámbito de actuación
- Recursos humanos cualificados
- * Impacto territorial e coordinación
- Alcance provincial, local, supra local
- Coordinación con outros servizos municipais, Sergas, etc.

B). Criterios para as diferente LIÑAS (Ata 70 puntos)

B.1.- Criterios para a LIÑA A):

- Grao de necesidade acreditado
- Carácter estrutural do recurso
- Coordinación institucional
- Sustentabilidade futura

B.2 Criterios para LIÑA B:

- Impacto directo na mellora funcional ou benestar
- Numero de persoas beneficiarias directas
- Especialización técnica
- Carácter continuado do programa
- Coordinación con sistema sanitario e/ou servizos sociais

B.3 Criterios para LIÑA C:

- Coherencia directa co obxecto social estatutario
- Finalidade socioeducativa
- Participación activa do colectivo destino
- Contido técnico ou formativo acreditado
- Impacto social acreditable
- Adecuación gasto e finalidade social

Undécima. Resolución:

A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses desde que finalice o prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde que finalice o prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no devandito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, excepto naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que esta proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, nese caso solicitaralle á comisión, despois dos informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación.



A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non ser así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Entenderase que as entidades que resulten beneficiarias da subvención aceptan a subvención concedida salvo que, no prazo de 5 días hábiles manifesten expresamente a súa renuncia ou rexeitamento á devandita subvención.

O procedemento para a presentación deste formulario será o descrito na base quinta para a presentación do formulario de inicio da solicitude.

No caso de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nas presentes bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible, coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Duodécima. Publicidade da concesión:

Ao amparo do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individual aos afectados, senón que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, con expresión dos beneficiarios e da contía das subvencións concedidas, nos termos esixidos pola lexislación aplicable en materia de subvencións e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que sexa aplicable.

Décimo terceira. Publicidade da subvención por parte da beneficiaria

A entidade beneficiaria da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha idónea publicidade ao carácter público do financiamento do seu proxecto para que se lles fará chegar unhas instrucións que deberán ter en conta no momento de realizar esta publicidade/información/divulgación.

No caso de que se incumpran estas medidas, o incumprimento do deber poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo cuarta. Xustificación da subvención

A Deputación concederá como máximo 100% do importe xustificado para cada proxecto subvencionado, e sempre co límite económico máximo do importe recoñecido na resolución.

O prazo de xustificación do proxecto finalizará o día 30 de novembro de 2026. Deberá xustificarse presentando:

- Memoria da execución do proxecto subvencionado no formulario facilitado pola área de Benestar.
- Relación de documentos xustificativos dos gastos realizados.



- Certificación esixida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e/ou existencia fidedigna do recurso residencial obxecto de subvención.

- Certificación emitida polo/a secretaria/ou da entidade acreditativa de que as persoas beneficiarias están empadroadas nalgún municipio de Ourense

- Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.

- Relación das medidas de difusión da subvención concedida. Neste caso deberán engadir probas gráficas/sonoras/visuais da publicidade realizada e conforme coas instrucións facilitadas pola Deputación ao respecto.

- Certificación da conta bancaria asinada polo banco ou caixa correspondente.

- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta documentación presentarse no rexistro da Deputación xunto con:

- Acreditación das medidas de difusión adoptadas

- Documentos xustificativos do gasto e/ou facturas, emitidos a nome da entidade preceptora da subvención.

En todo caso, teranse en conta as seguintes regras especiais:

1ª. As beneficiarias poderán subcontratar con terceiros a execución total ou parcial do proxecto obxecto da subvención, sen limitación en canto á contía subcontratada sempre que non desvirtúe a natureza da subvención nin se converta en mera intermediación e, en todo caso, suxeitos ás seguintes regras:

- A realización do proxecto non poderá concertarse con persoas ou entidades incursas nos supostos a que refírese o artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 18.000,00 €, excluído o IVE (artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións), no caso de prestación de servizos por empresas, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso, para a prestación do servizo ou entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o fornezan ou presten, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán anexarse coa xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

- No caso de adquisición de bens inventariables, o beneficiario deberá destinar estes bens para o fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un prazo mínimo de cinco anos.



- Para estes efectos, coa xustificación entregárase a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de petición de tres ofertas, ou xustificación da súa non petición conforme co sinalado nos parágrafos anteriores, así como memoria xustificativa da elección da oferta.

- Atendendo o artigo 71 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, cando a Área de Benestar para a comprobación da subvención concedida aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola entidade subvencionada, poñerá no seu coñecemento concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección.

2ª. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargas e sanción administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2026, obxecto da presente convocatoria.

O pago da subvención realizarase unha vez xustificada correctamente a totalidade do proxecto subvencionado.

As notificacións das resolucións ditadas pola Presidencia, correspondente á xustificación e pago serán substituídas pola publicación na sede electrónica da Deputación.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Xunta de Goberno declarará a perda do dereito ás subvencións non xustificadas en prazo, total ou parcialmente, segundo proceda.

Décimo quinta. Deberes das beneficiarias:

Con carácter xeral, as beneficiarias asumirán todos os deberes impostos pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En particular, quedan suxeitas aos deberes de control financeiro e reintegro nos casos previstos na devandita lei.

Décimo sexta. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro da presente convocatoria son compatibles con outras axudas e subvencións públicas ou privadas, sempre que o importe conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo total do proxecto.

Aquelas entidades que sexan beneficiarias dunha subvención nominativa e/ou directa recoñecida pola Deputación de Ourense para o ano 2026 poderán optar a esta liña de axudas segundo o previsto na base cuarta.

Décimo sétima. Reintegro ou perda do dereito á cobranza das subvencións:

En caso de incumprimento por algunha das causas previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. O deber de reintegro ou a perda do dereito poderá ser



total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. Non se realizará expediente de perda de dereito naqueles casos nos que esta vinga causada porque a entidade non xustifique a totalidade da subvención concedida por falta de gasto e/ou medios probatorios deste. Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propoñer as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Unha vez concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, a Xunta de Goberno ditará a resolución que corresponda.

Décimo oitava. Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases, seralle de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu amparo, o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa aplicable á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

Contra este acordo poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos os recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases. En caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao amparo do disposto no artigo 44 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse un requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de 2 meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, -no caso de que se formule o requirimento previo-, contarase desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado. Con todo o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

Ourense, 18 de marzo de 2026. A deputada delegada de Políticas Sociais, Conciliación e Envelhecimento Activo (P.d.: Resol.: 2023/9863, do 31/07/2023).

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 610

